

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DOS MÉRITOS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DU/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PARA O CONCELLO DE LOBIOS (OURENSE)

Sendo as dez horas do día vinte e nove de novembro de dous mil dezaseis constitúese no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Lobios (Ourense) o Tribunal cualificador dos méritos para a selección de UN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A por un período de seis meses, polo sistema de concurso de méritos, que contou coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente: D. Pablo Antonio Álvarez Martínez, en calidade de funcionario do Concello de Lobios.
- Secretaria: D. Marta Izquierdo Gamallo, en calidade de Secretaria-Interventora do Concello de Lobios.
- Primeiro vogal: Dna. María Almeida Fernández, en calidade de Educadora Familiar do Concello de Lobios.
- Segundo vogal: Dna. Noelia Araújo Fernández, en calidade de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Lobios.
- Terceiro vogal: Dna. María del Carmen Domínguez Pérez, en calidade de Traballadora Social dos Concellos de Lobios e Muíños.
- Cuarto vogal: Dna. Ana María Antúnez Pérez, en calidade de Técnica en Asistencia Xurídica do Concello de Muíños.

O tribunal ten en conta a solicitudes presentadas conforme ao certificado de Secretaría.

Por parte do Tribunal cualificador procédese de seguido á valoración dos méritos alegados, polo solicitante, acadando os seguintes resultados:

ASPIRANTES	FORMACIÓN				COLECTIVOS DIFICULTADES INSERCIÓN LABORAL		TOTAL MÉRITOS
	ACADÉMICA	CURSOS			COLECTIVOS ART. 12.5 DA ORDE	CARGAS FAMILIARES	
		DURACIÓN >50 H.	DURACIÓN 20 H. A 50 H.	DURACIÓN < 20 H.			
MARIA JOSE RIVAS GONZALEZ	0,00	0,00	0,00	0,00	0,50 ²	0,00	0,50
ANA CANAL FRAGA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
CRISTINA GONZALEZ TEIJEIRO	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

De conformidade co disposto na Base Sexta, parágrafo cuarto, o coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma (Celga 3), certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, mediante proba oral que se lle realizará o aspirante. Esta proba consistirá en manter unha conversa no idioma galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.

Sendo as doce horas e vinte minutos, a candidata MARIA JOSE RIVAS GONZALEZ procedeu á realización da proba de galego descrita, sendo valorada polo tribunal seleccionador con carácter POSITIVO.

² Colectivos valorados: Parágrafos c) da Cláusula Sétima das Bases reguladoras, parágrafo 7.1.2.1. Ata un máximo de 1,00 punto.

En base ao anteriormente exposto o Tribunal cualificador, á vista da puntuación acadada, acordou, por unanimidade, propoñer para a súa contratación laboral temporal como AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A no Concello de Lobios ao candidato seguinte:


NOME E APELIDOS	DNI
MARIA JOSE RIVAS GONZALEZ005-T

De conformidade co recollido no derradeiro parágrafo da Base Sétima das reguladoras do presente procedemento, e á vista da puntuación obtida polos/as candidatos/as, propoñese a formación dunha bolsa de traballo, sendo preciso proceder ao sorteo previsto na Base Undécima, ao persistir o empate entre as candidatas. Do resultado do sorteo a bolsa de traballo queda como segue:

NOME E APELIDOS	DNI
ANA CANAL FRAGA493-C
CRISTINA GONZALEZ TEIJEIRO630-M

Sendo ás doce horas e corenta minutos do día da data, o Presidente do Tribunal levanta a sesión do que eu, como Secretaria, dou fe.

Presidente/a: *D. Pablo Antonio Álvarez Martínez*




1º Vogal: *Dna. María Almeida Fernández*



3º Vogal: *Dna. María del Carmen Domínguez Pérez*



Secretario/a: *Dna. Marta Izquierdo Gamallo*



2º Vogal: *Dna. Noelia Araújo Fernández*



4º Vogal: *Dna. Ana María Antúnez Pérez*

